

NUNCA MÁIS SILENCIADAS

Bortizkeria Matxistaren Kontrako Nazioarteko Eguna

Día Internacional Contra las Violencias Machistas

25N

Día Internacional Contra as Violencias Machistas



Confederación
Xeral do
Traballo

cgt.org.es
rojoynegro.info
@CGT

Día Internacional Contra la Violencia Masclista

Manifiesto CXT #25N 2018

“Nunca más silenciadas”

O terrorismo machista, que se ceba especialmente con mulleres, infancia, trans e todas aquelas persoas que non entran nos esquemas patriarcais de xénero, supón unha pesada secuela nesta sociedade capitalista. Esta negación sistemática da diversidade social e racial é un produto máis do mercado que nos necesita empobrecidas para espoliarnos desde a submisión e a necesidade.

Ningún goberno pode garantir seguridade dentro dun Estado con privilexios patriarcais. Estamos ante un feminicidio de Estado onde os asasinatos machistas, lonxe de previrse e erradicarse, continúan acontecendo coma se dun costume tratátese.

A lei, fiel reflexo da sociedade burguesa, patriarcal e misóxina condénanos cando somos vítimas e amnistía aos depredadores sexuais perpetuando as inercias machistas.

O sistema xudicial, ignorando conscientemente a necesaria visión de xénero na aplicación da lei, ditamina de forma indecente contra mulleres e menores.

A falta de atención a vítimas, baleirada de orzamentos, privatizando un servizo que debería ser público e usándonos como mercadorías, leva á súa desprotección dando lugar a máis violencia contra elas.

Desde a Confederación Xeral do Traballo -CGT- promovemos un feminismo de clase que cambie as nosas consciencias ata abolir a violencia para dar paso a un mundo máis xusto e igualitario onde a vida e o seu desenvolvemento non corran perigo.

Nós levamos un feminismo novo nos nosos corazóns



Confederación
Xeral do
Traballo

cgt.org.es
rojoynegro.info
@CGT